La grammaire inversée

INSTRUCIÓNS DE INSTALACIÓN

Marco Vélez Barreiro
(EOI da Coruña)

Proxecto realizado no marco dunha licenza por Formación retribuída pola Consellería de Educación durante o curso 2016-17.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CC BY SA

« La grammaire inversée » conta coas 20 unidades didácticas seguintes :

1) L'article défini et indéfini
2) La comparaison
3) L'interrogation
4) Les nombres
5) La négation
6) Le présent de l'indicatif
7) Le passé récent, le futur proche et le présent progressif
8) Le passé composé
9) L'imparfait
10) Le futur et le conditionnel
11) Le pronom relatif
12) Le pronom démonstratif
13) L'adjectif possessif
14) L'article partitif
15) « C'est » et « il est »
16) Le pluriel du nom et de l'adjectif
17) Les pronoms compléments
18) Le pronom « en »
19) Le pronom « y »
20) L'adverbe en « -ment »

Os vídeos da « gramática inversa » teñen dúas series de versións diferentes: as "versións HTML" e as "versións SCORM".

1) Versións HTML

Cada vídeo vai integrado nunha páxina web que se pode instalar nun servidor remoto ou á que se pode acceder localmente. Para poñelas en marcha, cómpre abrir o cartafol correspondente e facer clic no ficheiro chamado "index".

Hai dúas versións HTML:

a) **A versión HTML galega**, que inclúe os 20 vídeos con subtítulos en francés, galego e castelán.
b) **A versión HTML internacional**, que inclúe os 20 vídeos con subtítulos en francés e en inglés.

Cada versión inclúe unhas breves instrucións nas linguas correspondentes, os vídeos subtitulados e un dossier pedagóxico en PDF que o alumno pode ler na pantalla do computador, descargar e / ou imprimir, cos solucionarios, para traballar en autonomía.

2) Versións SCORM

As versións SCORM permítenlle ao alumno interactuar coas gravacións respondendo a preguntas sobre os seus contidos.

Hai catro versións SCORM:

a) **A versión SCORM francesa**, que inclúe os 20 vídeos sen subtítulos ou con subtítulos en francés.
b) **A versión SCORM galega**, que inclúe os 20 vídeos sen subtítulos ou con subtítulos en galego.
c) **A versión SCORM española**, que inclúe os 20 vídeos sen subtítulos ou con subtítulos en español.
d) **A versión SCORM inglesa**, que inclúe os 20 vídeos sen subtítulos ou con subtítulos en inglés.

Para funcionar, estas versións necesitan un CMS ou sistema xestor de contidos, como Moodle, Joomla ou Drupal.

Para a súa instalación en Moodle, é preciso ter o rol de profesor, creador de curso ou administrador. Se no seu centro educativo hai unha instalación de Moodle e non sabe vostede como funciona, debería poñerse en contacto co seu administrador. Pero se xa ten vostede os coñecementos e os permisos necesarios, siga simplemente as instrucións seguintes:

1. Acceda ao seu curso de Moodle.

2. Active o “modo edición”:



3. Na sección que vostede prefira, faga clic en “Engadir unha actividade” e logo en “Paquete SCORM”.





4. Introduza un título para a actividade e unha descrición:

5. Arrastre o ficheiro do vídeo interactivo ao cadro de puntos :

6. Se así o desexa, pode vostede configurar a apariencia da actividade facendo clic nas diferentes seccións. Logo, faga clic en “Gardar e mostrar” :

Teña en conta que diferentes versión de Moodle poden ter lixeiras variacións con respecto ás imaxes e ás instrucións presentadas neste documento. Se ten vostede calquera dúbida, diríxase ao administrador do sistema (normalmente, o xefe de recursos ou a dirección do centro educativo).